

**Todo un mundo de lendas, documentación, sereas, inquisidores,
meigas, cregos malditos... e algún revolucionario
(A Estrada, 22-5-2013)**

“...obra feita á man, que iso constitúen as máis de seiscentas cincuenta páxinas da novela *Costa do Solpor*, postas en 12 partes e unha especial máis de Débedas e de Agradecementos, ao longo de 76 capítulos, cunha carta explicativa e atendida polo editor. Moita cousa.

Moita para dar fe dunha peregrinaxe múltiple, travesía a tantos picos, coma pluralidade de ondaxe e tempos ventosos nos que constatar crónicas de crónicas para crónicas e así para chegar á terra de partida, que é dicir Bristol, coa esperanza sempre posta nos ollos. Chegarei, si... chegaremos ... sempre. Esa foi a mensaxe, chegar, a que se propagou ecoante polas páxinas adiante, nos relatos con poder, na fusión de tantas voces en autoridade literaria da novela que hoxe presentamos. Chegar...

(...)

Hoxe imos pois a todas as palabras e a todas as letras. E así lendo ao Lema na súa *Costa do Solpor*...lémonos. E así como os personaxes que buscan o tesouro na Furna do Trabeiro, nós imos tecendo comprensións na lectura activada e creativa e como dicindo:

- *Viacó amighas e amighos...viacó...que vos vou explicar historias bonitas a palabras doces.*
- *Viacó que vos vou explicar como eu, lector, polo ando das páxinas... fun como entrando e saíndo, sen marchar nunca, dun coído a outro, si...polos coídos xustos deste cosmos que é Costa do Solpor.*
- *Viacó...*

E polo mesmo collendo aire dicirvos que no feito lector de *Costa do Solpor* non podemos ser náufragos e si ir aparellando medios para non caer e afogar, para non perdermos o oriente, e daquela respirar sempre para seguir...si...para seguir e mesmo obrigadamente de cando en vez botar un agrú... UN AGRÚ como aqueles da mocidade rebelde de San Cibrán e de Vilasumisa, e como daquela indo en roga... cóbado con cóbado..., tamén co Lema, compartir tempos, espazos, vidas e sucesos, documentos, cultura, e abondoso idioma, rigoroso e lixeiro, que fan desta novela unha auténtica literatura de cultura e de frescura posta en historias con contido que dan forma de marabilloso parecer (sendo). Contido que é corpus total de órganos en sistemas ben articulados polo autor e que ese corpus anda de seu e que nos permite ir ao seu pé e compás. Mesmo collelo de acariño e facer abondosa fachenda de ben.

Dicir tamén que lendo, léndonos e véndonos, pensando, sabemos pois un anaco máis do facer do Lema e así nesta novela está moito (e vai), ben moito, da súa experiencia e das súas vivencias, que lle permitiron, desde a súa tribo da Costa do Solpor, terra da mariña e algo adentro, casar como un oleiro primoroso...o histórico e etnográfico, as tradicións e lendas, coa intensidade literaria., a toda tonicidade e movementos plurais, sen pexas de ningunha clase, porque...

-“*Un home así* -como el di do capitán Smollet-, *non pode deixar o mundo do mar*”, e ben...o Lema un home así, non pode deixar o seu facer cotián e moi especialmente non pode deixa de activar a historia completa, competente (como diría Manuel María), nin a lingua viva, e, xa que logo, entre outras cousas, el fai literatura sabendo do que fala para (re)crear.

Por iso acolleu na man a responsabilidade de traducir un mandado e facerllo chegar a un editor. O Lema é un facilitador. Sábeo ben S.L.O. (Samuel L.O.) o *amigo* dos faros...

Logo comezou e puxo ao rapaz co mapa noviño da Península Ibérica e así o Lema dinamiza e multiplica momentos e sen moito agardo, fai certo o dito aquel de que:

“a calma...vento espera...mariñeiro...ponte en vela”.

E el púxose e sabería que :

“sen chuvia antes do vento, tiña que arriar con tempo”?

Saberíao...?

Pois claro...!

Desta maneira el contempla os axexadores dos naufraxios e cóidase de botar o risón ao seu tempo e así como en travesía na *Hispaniola*... vai elaborando paisaxes, cadros, momentos, enfoques, pausas e adiantamentos. Todo con **galanos de toponimia** ricaz e precisa... posta en idioma vivo.

“¡Que forza de atracción ten o perigo...!” (pero o Lema non dá marcha atrás). Sen pretenderlles contar todo o lido, direi que de primeiras xa imos co mozo Jim, co doctor Livesey, co capitán Smollett... e cos demais da tripulación... Imos na *Hispaniola* coas adegas ben postas de riquezas, destino a Bristol.

Faranse ricos...? (xa se pode un ir preguntando).

Pero...un trebón de moitas dimensións... en Fisterra , Corcubión, hai que facer amaño no barco e alguén raposeiro sospeita que nel hai valor. E vai e colle camiño da Coruña amurada para dicilo:

- *“Hai luz no facho”* (santo e sinal). É Mingos, o Tiopa.

E así vai e ponse a rouba en acción. Ponse a augas o *An Ankou* (que en paro legal era o *Nuestra Señora de la Caridad*). Un barco sen patria. Temido navío filibusteiro (bandeira pirata). O seu capitán Saint-Syr pon rumbo á Costa do Solpor. Por detrás vai o barco “ Santiago Matamoros” (que logo será en mar aberto, en terreo pirata e na rouba...*El Trueno*). Xuntoiro no “*concello dos ventos*”, na Sisarga.

No ataque están pois a *Hispaniola* (co tesouro) e arrapiñando o *An Ankou* e o *El Trueno*. Nas adegas da *Hispaniola* queda Jim, que ao descubri-lo os piratas fai que teña que largar a terra... hai un enorme tremor..., sálvase... e atópase con Chavián (Flaviano de pía). Din que foi un terremoto. Non... Nos barcos dan por feito que Jim vive e os piratas van a terra por el. Non o atopan. Está ben acubillado. E daquela dano por morto.

Aquí comeza a operación rescate da *Hispaniola*, a do tesouro e das vidas, para iren de regreso á casa, a Bristol... pero antes... aínda queda moito. Todo un mundo de relacións, encontros, lendas, documentacións, lugares, pedras que se escoitan para reconstruír, sereas, inquisidores, meigas, cregos malditos... e algún moi bo, revolucionario. Tamén amoríos certos e limpos... e momentos de medo... intentos de violación...

Pero, fóra medos: peito adiante...

E non faltan as cántigas. Unha delas dá claves importantes para ir á Furna do Trabeiro onde está a moita da riqueza escondida.

Tamén hai habitantes rendidos, e unha *vila podre*, como lles di Melania, que di que non é meiga, nin bruxa. Xentes que *“nin comen o óso...nin llo dan ao can”*.

E, fundamentalmente nesta parte importante da novela observaremos a Jim, Mariña e a Chavián. Así, fundamentalmente os tres comezan o rescate dos feitos e a conquista... coa axuda de máis xente para volver ao que debeu ser sempre: a *Hispaniola* rumbo a Bristol. Poñendo todo no seu lugar.

E como xa dixeran... No andar da novela polas páxinas... hai moita fariña que moer... Pasaxes polos que ir á perdición... ou á fortuna... Pedras que levar ao colo..., amores e casorios.

Reencontros coas orixes. Concedidos que antes nin se pensaban. Sereas... Axustizados. Voces de medo, pantasmas que non son. Santos en falso... Vivas... E festa rachada...

E logo si... rumbo a Bristol...Co tesouro...

Un final feliz...?

Direi mellor... Un final xusto.

Desta maneira, amigas e amigos, nesta roga de vós comigo e cos que aquí están na mesa... Nesta roga digo... fixemos bo caldo. (...)

Ha sentarvos ben a travesía... Seguro...

[Extracto do texto lido na presentación no Salón do Moble da Estrada;
David Otero á membro fundador do PEN Club de Galicia e membro das Fundacións Castelao, Alexandre Bóveda e do
Pedró de Ouro]